



MISA CON NENOS

15 de maio de 2022

Domingo 5º de Pascua - C

XOÁN 13, 31-33A: *“Douvos un mandamento novo:
que vos amedes uns a outros”*

Mensaxe: Xesús en min móveme a amar



**Xesús en min
móveme a AMAR**



1. MONICIÓN DE ENTRADA

Monición: Irmáns E irmás: Cada domingo os cristiáns reunímonos para facer memoria de Xesús, lembrando a súa xenerosidade e a súa entrega ata a morte. E ao lembralo, traemos á memoria a súa última vontade: “Amádevos uns a outros como eu vos ameí. Se vos amades, coñecerán que sodes os meus discípulos”. Xesús, ademais de convidarnos á súa mesa, convídanos tamén a implantar no mundo o seu reino de xustiza e de paz. Para isto só fai falta unha cousa: AMAR. Ese ha de ser o distintivo de todos os que formamos a Igrexa, os que somos a comunidade de Xesús.

(Saímos cun cartel dun corazón grande cunha frase: “Amádevos como eu vos ameí”).

SACERDOTE:

-No nome do Pai... Xesús que dentro de nós nos move a amar sexa convosco...

2. ASPERSIÓN COA AUGUA

MONICIÓN á Aspersión: Coa alegría de ser seguidores de Xesucristo, lembremos agora o noso bautismo, que nos fixo fillos de Deus e nos enche do seu Espírito. **(Aspersión)**

–Que Deus todopoderoso nos purifique do pecado e, pola celebración desta eucaristía, fáganos dignos de participar do banquete do seu Reino. Amén.

3. SÚPLICAS DE PERDÓN **(Alternativa á aspersión)**

Sacerdote: Desde o comezo da nosa celebración pedimos perdón a Deus polas veces que quebrantamos o mandamento novo do Señor: "amádevos uns a outros como Eu vos ameí"

- **Pais:** Porque non poñemos en práctica o mandamento do amor mutuo. **Señor, ten piedade de nós.**

- **Catequistas:** Porque non sementamos a fraternidade no medio do mundo. **Cristo, ten piedade de nós.**

- **Nenos:** Porque nos deixamos levar pola rutina, sen arriscar coa creatividade do amor. **Señor, ten piedade de nós.**

4. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Monitor: *Na vida non todo é un camiño de rosas. De feito, San Paulo na lectura, lémbra-lo. Non hai día sen bágoas nalgún recuncho do mundo ou, mesmo, un día sen algo que nos ocorra aos que sentimos crentes. Entón, onde está a resposta? Nin máis nin menos no amor a Deus. Temos que aprender a realizarnos e a ofrecer a nosa vida polos demais. Desde o amor, por amor e con amor. Escoitemos as lecturas atentamente.*

LECTURAS

Feitos dos Apóstolos 14, 21b-27: *Contaban á comunidade cristiá o que fixera Deus por medio deles".*

Naqueles días, Paulo e Bernabé volveron a Listra, a Iconio e a Antioquía, animando os discípulos e exhortándoos **a perseverar na fe**, dicíndolles que hai que pasar por moitas tribulacións para entrar no reino de Deus.

En cada Igrexa designaban presbíteros, oraban, xaxuaban e encomendábanos ao Señor, en quen creran.

Atravesaron Pisidia e chegaron a Panfilia. E despois de predicar a Palabra en Perge, baixaron a Atalía e alí embarcáronse para Antioquía, de onde os encomendaban á graza de Deus para a misión que acababan de cumprir.

Ao chegar, **reuniron a Igrexa, contáronlles o que Deus fixera por medio deles** e como abrira aos xentís a porta da fe.

Salmo: 144: **Bendicirei o teu nome por sempre, meu Deus, meu rei.**

Apocalipse 21, 1-5A: *Deus enxugaralles todas as súas bágoas.*

Eu, Xoán, vin un ceo novo e unha terra nova, pois o primeiro ceo e a primeira terra desapareceron, e o mar xa non existe.

E vin a cidade santa, a nova Xerusalén que descendía do ceo, de parte de Deus, preparada como unha esposa que se adornou para o seu esposo.

E oín unha gran voz desde o trono que dicía: «Velaquí a morada de Deus entre os homes, e morará entre eles, e eles serán o seu pobo, e o “Deus con eles” será o seu Deus».

E enxugará toda bágoa dos seus ollos, e xa non haberá morte, nin dó, nin pranto nin dor, porque o primeiro desapareceu. E dixo o que está sentado no trono: «Mira, fago novas todas as cousas».

Xoán 13, 31-33ª: Douvos un mandamento novo: que vos amedes uns a outros.

Narrador: *Cando saíu Xudas do cenáculo, díxolles Xesús:*

Xesús: *-«Agora é glorificado o Fillo do home, e Deus é glorificado nel.*

Se Deus é glorificado nel, tamén Deus o glorificará en si mesmo: pronto o glorificará.

Filliños, por un pouco hei de estar convosco.

Douvos un mandamento novo: que vos amedes uns a outros; como eu vos ameí, amádevos tamén uns a outros.

Nisto coñecerán todos que sodes discípulos meus: se vos amades uns a outros».

Palabra do Señor.

(Narrador - Xesús)

5. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote:

A Xesús: Oremos ao Señor, o noso Deus. El está sempre connosco. Digámoslle:

-Señor, ensínanos a querernos.

- 1. Pola Igrexa**, para que faga presente, con alegría, o amor e a tenrura de Deus. **Oremos.**
- 2. Polos que voluntaria e gratuitamente traballan pola paz**, pola xustiza, polos dereitos, por Cáritas. **Oremos.**
- 3. Polos que vimos a misa cada domingo**, para que globalicemos o amor, solidarizándonos cos que teñen carencias ao noso ao redor de fame, pobreza, falta de recursos. **Oremos.**
- 4. Polos rapaces** que nesta primavera reciben a Primeira Comuñón ou a Confirmación. **Oremos.**
- 5. Por todos nós**, que nos preparemos de corazón para a novena de Fátima. **Oremos.**
- 6. Para que a Virxe María** nos axude a escoitar a Palabra de Deus, transformar a nosa vida e vivir a fe de forma adulta e comprometida nas nosas parroquias. **Oremos.**

Sacerdote:

Escoita, Xesús resucitado, a nosa oración e dános o teu Espírito Santo. Ti que vives e reinas...

1. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- **ADHESIVOS COS NOMES DOS NENOS:**

(Preparamos unha ofrenda: dáselle a cada neno un adhesivo redondo e branco para que debuxen nel un corazón e o seu nome. No ofertorio colocámoslos nunha cartolina cun corazón grande e dicimos): Xesús, ofrecémosche o noso agarimo representado nestes corazóns debuxados e con eles dicímosche que nos imos querer moito.

- **CARNÉ DE IDENTIDADE COA FOTO DE XESÚS E O NOME “CRISTIÁN:**

Con este carné de identidade queremos reflectir, neste domingo, unha gran verdade: ténsenos que distinguir aos cristiáns pola forma de ver as cousas, de vivir e de entregarnos.

PAN E VIÑO:

Con este pan e este viño queremos traer ata o altar as penas, os sufrimentos, os traballos de todos aqueles que se esforzan por conseguir unha sociedade máis xusta e mellor.

7. SUXESTIÓNS:

- Dialogade sobre detalles concretos cos que manifestar o amor aos outros.
- Preguntádevos: se a medida para saber se son cristián é se amo, son bo cristián?
- Facede o propósito de participar máis na eucaristía para alimentar ese desexo de amar, compartir e ser “pan partido” para os demais.
- Preparamos unha ofrenda: dáselle a cada neno un adhesivo redondo e branco para que debuxen nel un corazón e o seu nome. No ofertorio colocámoslos nunha cartolina cun corazón grande e dicimos: Xesús, ofrecémosche o noso agarimo representado nestes corazóns debuxados e con eles dicímosche que nos imos querer moito.
- Ao final da eucaristía repartimos a cada un dos que veñen a misa un corazón decorado polos nenos. Na casa poñémoslle o noso nome. O corazón grande é Xesús e o pequeno somos nós. Poñémolo na neveira e nalgún lugar vistoso para lembrar o Amor grande que Deus nos ten, tan próximo e sinxelo...

MESTRES DO AMOR

Ti quéresnos facer, Señor, mestres do amor.
Dis que niso se notará que somos a túa xente,
en que amamos intensamente,
en que somos tolerantes e comprensivos,
en que non temos rancor nin resentimentos,
en que sabemos atopar o mellor do outro,
en que nos brotan os detalles de tenrura,
en que nos é fácil comprender,
en que sentimos empatía polas persoas,
en que non nos cae mal ninguén,
en que nos entendemos tamén cos inimigos,
en que non somos vingativos nin violentos,
en que falamos ben dos demais,
en que somos xustos e honrados como cidadáns,
en que coidamos o medio ambiente e a ecoloxía,
en que antepoñemos o ben de todos ao noso,
en que a nosa familia é máis que os nosos,
en que nada que lle ocorre ao outro nos deixa indiferentes,
en que tratamos como irmáns a todos os humanos,
Así nos queres Ti, Señor, fainos coma Ti.
Impulsa en nós o teu Amor para que vivamos
como auténticos discípulos teus.



Mari Patxi Ayerra.

¡Felices Pascuas!

8.- ORACIÓN DE GRAZAS

Señor bendí...

Xesús, Señor, axúdame a vivir o mandamento novo do amor.

Señor, bendí as miñas MANS para que sexan delicadas e saiban tomar sen xamais aprisionar, que saiban dar sen calcular e teña a forza de bendicir e consolar.

Señor, bendí os meus OLLOS para que saiban ver a necesidade de cadaquén, que vexan detrás da superficie, o interior da persoas, os seus problemas e inquietudes.

Señor, bendí os meus OÍDOS para que saiban oír a túa voz e perciban moi claramente o berro dos afluxidos; que saiban quedar xordos ao ruído inútil e á leria, pero que oian e comprendan os que chaman e piden, aínda que turben a miña comodidade.

Señor, bendí o meu CORAZÓN para que sexa templo vivo do teu Espírito e saiba dar calor e refuxio, que sexa xeneroso en perdoar e comprender e aprenda a compartir dor e alegría.

Meu Deus, que poidas dispoñer de min con todo o que son, con todo o que teño.

SABINE NAEGELI

FELIZ DOMINGO DÍA DEL SEÑOR